

# O NOSO XORNAL

## 1.- Obxectivos.

- Coñecer diferentes feitos históricos, artísticos e culturais fundamentais para a etapa estudada.
- Comprender a interrelación entre sucesos históricos coetáneos ou de distintas etapas para a formación de caracteres culturais e a aparición de determinadas entidades políticas.
- Empregar distintos recursos para a procura de información.
- Elaborar textos escritos ben artellados
- Traballar en grupo de forma colaborativa.
- Realizar presentacións en público.

## 2.- Pasos a seguir.

- Unha vez feitos os grupos, o primeiro que tedes que decidir é que papel ides xogar cada un de vós.

Un dos membros do grupo debe ser o coordinador. Este é o primeiro aspecto no que vos debedes poñer de acordo. Valorade as cualidades de cada un e escollede a persoa que pensades que pode ter maior capacidade de organización.

- Logo de escoller o coordinador, repartide os puntos do traballo.

Que papel vai xogar cada un dentro do grupo?

Como ides poñer en común a información?

Como vos ides comunicar fóra da clase, de ser necesario?

É suficiente o número de clases das que dispoñemos, ou teremos que reunirnos noutros momentos?

Plantexar estas cuestións previas é importante para o bo funcionamento do grupo e o éxito no resultado final. Dedicádelle tempo!!!

- Como non poderemos dispoñer de ordenadores para todos os grupos de forma habitual, sería interesante que cada grupo contase cando menos cun dispositivo móbil con conexión a internet para poder facer procuras de información cando sexa necesario. De non ser posible, sede coidadosos e procurade traer das vosas casas toda a información que necesitedes para poder avanzar no traballo.

- Un dos puntos a valorar na exposición do traballo será a orixinalidade. De cara á presentación podedes empregar todos os materiais que poidades imaxinar, sempre e cando sexan manexables dentro da aula, e non teñades problemas para transportalos das vosas casas ao instituto.

Cada grupo responsabilizarase de todo o material que traia. Se necesitedes que o profesor garde algo, avisade.

Ademais da presentación, cada grupo debe recoller toda a información, de forma resumida, nun documento de word, cunha extensión mínima de 200 palabras e máxima de 300. Podedes incluír imaxes ou debuxos.

Coas mellores noticias crearemos un xornal que quedará exposto nalgún lugar significativo do noso centro.

- A data límite para este traballo é o **21 de marzo**. A partir do día 27 de marzo empezarán as exposicións en clase. Cada exposición debe durar 5 minutos (nunca poderá durar menos de 4 nin máis de 7 para poder ter a puntuación máxima). Faremos catro ou cinco exposicións cada día.

Preparar a exposición é fundamental para obter unha boa cualificación!!!

### **3.- Estrutura da noticia.**

En todas as noticias se deben contestar unha serie de interrogantes fundamentais:  
A quen lle sucedeu? Que sucedeu? Cando sucedeu? Onde sucedeu? Como sucedeu?  
Por que ou para que sucedeu?

As noticias deben ser breves, obxectivas, claras, con interese, etc.

No encabezado situaremos un titular, é dicir, un texto breve e preciso que recolle un resumo.

A continuación, o epígrafe, que resume a noticia e se sitúa enriba da mesma.

Corpo da noticia, que da toda a información de maior a menor importancia.

Se inclúides imaxes, deben estar axustadas ao corpo da noticia.